

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**5952** *Real decreto 413/2015, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo.*

A Lei 12/2003, do 21 maio, de bloqueo do financiamento do terrorismo, na súa disposición derradeira primeira habilita o Goberno para aprobar as disposicións regulamentarias necesarias para a súa execución e desenvolvemento, especialmente en materia de funcionamento e réxime xurídico de adopción de acordos por parte da Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo.

Este real decreto dá cumprimento a tal habilitación e serve de instrumento para cumprir os compromisos adquiridos polo noso país no ámbito internacional nesta materia, relativa ao intercambio de información e á cooperación sobre delitos de terrorismo.

A Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, solucionou a disfuncionalidade existente entre a Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención de branqueo, e a Lei 12/2003, do 21 maio, por canto esta última reproducía obrigas da primeira. Ademais, supuxo a unificación dos réximes de prevención do branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo.

A partir de entón, o bloqueo de carácter administrativo queda configurado como unha medida de prevención do financiamento do terrorismo e quedan tipificadas as infraccións derivadas do incumprimento por parte dos suxeitos obrigados que non adopten as medidas necesarias para facer efectivo ese bloqueo. A Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo é o órgano con potestade para acordar calquera bloqueo, e atribúe ao Consello de Ministros a potestade para impor as sancións correspondentes, por proposta do ministro do Interior. O resto de competencias en materia de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo quedan reservadas ao Ministerio de Economía e Competitividade.

A entrada en vigor desta lei supuxo, doutro lado, a modificación da Lei 12/2003, do 21 de maio. Esta modificación recóllese na súa disposición derradeira primeira e afecta principalmente a propia denominación da citada norma legal, en que se suprime o termo «prevención»; así como as obrigas de persoas e entidades, a supervisión e o réxime sancionador. Igualmente, esta disposición derradeira recolle a constitución, as competencias e o funcionamento da aludida Comisión, a cal é precisamente obxecto de desenvolvemento neste regulamento; así como a súa relación de colaboración coa Comisión de Prevención de Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias e a participación do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias nas reunións da Comisión.

Doutra parte, débense ter presentes os compromisos adquiridos por España no ámbito internacional, como son as resolucións do Consello de Seguridade de Nacións Unidas relativas a «Al Qaeda», individuos e entidades asociadas e ao Regulamento da Comunidade Europea para a aplicación das medidas adoptadas polo Comité de Sancións de Nacións Unidas, que reproduce as listas das sucesivas resolucións para efectos de conxelación de fondos.

Así mesmo, a Posición común 931/2001/PESC do Consello Europeo, do 27 de decembro de 2001, e o Regulamento n.º 2580/2001, como norma propia da Unión Europea para facer efectiva a conxelación de fondos da lista europea de terroristas.

Con este regulamento dáse un paso máis na regulación e no funcionamento da Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo como instrumento encamiñado a desenvolver a dirección e o impulso das actividades de prevención da utilización do sistema financeiro para a comisión das accións terroristas.

Este real decreto consta dunha parte expositiva, un artigo único polo que se aproba o Regulamento da Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo, unha disposición adicional e dúas disposicións derradeiras. A primeira habilita o ministro do Interior para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do regulamento aprobado e a segunda refírese á entrada en vigor do real decreto.

Respecto ao regulamento, consta de tres capítulos; o capítulo I, referido ás disposicións xerais; o capítulo II, á composición e funcionamento da Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo, e o capítulo III, relativo aos acordos da dita Comisión, cun total de 15 artigos.

Este real decreto foi sometido a informe da Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de maio de 2015,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento da Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo.*

Apróbase o Regulamento da Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Funcionamento.*

O funcionamento da Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao órgano superior ao cal se encontra adscrito.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

O ministro do Interior ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido no regulamento que se aproba mediante o presente real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de maio de 2015.

FELIPE R.

O ministro do Interior,  
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ

## REGULAMENTO DA COMISIÓN DE VIXILANCIA DE ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO DO TERRORISMO

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento regula a natureza, a composición, as funcións e o funcionamento da Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo (en diante, a

Comisión), en desenvolvemento da Lei 12/2003, do 21 de maio, de bloqueo do financiamento do terrorismo.

## CAPÍTULO II

### Composición e funcionamento da Comisión

#### Artigo 2. *Natureza e composición.*

1. A Comisión é un órgano colexiado adscrito ao Ministerio do Interior. Estará presidida polo secretario de Estado de Seguridade e integrada polos vogais que a seguir se detallan, así como polo director do Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado, na súa condición de secretario, que actuará con voz pero sen voto e que será o encargado de dirixir a unidade orgánica que desempeñe a Secretaría da Comisión.

2. Serán vogais da Comisión:

Un membro do Ministerio Fiscal, designado polo fiscal xeral do Estado.

Un representante dos ministerios de Xustiza, do Interior, de Facenda e Administracións Públicas, e de Economía e Competitividade, designados polos titulares dos departamentos respectivos.

3. O director do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias asistirá ás reunións da Comisión con voz pero sen voto.

4. Ás reunións da Comisión poderán asistir expertos independentes, con voz pero sen voto, cando o presidente o xulgue preciso para os fins de asesoramento específico nos asuntos que se vaian tratar.

5. Os membros da Comisión serán nomeados por un período de dous anos. Se no transcurso deste tempo houber algún cambio, tanto no concernente aos ministerios representados como ás estruturas administrativas en que se integran os vogais, manterase a composición da Comisión ata esgotar o período correspondente.

En todo caso, de se producir o cesamento dalgún vogal por calquera circunstancia, non variará o período de dous anos para o cal foi designado o vogal substituído.

#### Artigo 3. *Secretaría da Comisión.*

1. A Secretaría da Comisión, prevista no artigo 9 da Lei 12/2003, do 21 de maio, será exercida polo Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO), dependente da Secretaría de Estado de Seguridade.

2. Corresponderá á Secretaría:

a) Instruír os procedementos sancionadores que procedan polas infraccións á Lei 12/2003, do 21 de maio, incluíndo a formulación de proposta de resolución para a Comisión.

b) Recibir das administracións públicas e persoas obrigadas a información relacionada co bloqueo do financiamento de actividades do terrorismo a que se refire o artigo 4 da Lei 12/2003, do 21 de maio.

c) Recibir e tramitar, conforme as normas deste regulamento, as solicitudes de autorización de liberación ou posta á disposición de fondos ou recursos económicos bloqueados en execución dun acordo da Comisión.

d) Recibir e tramitar as peticións de supresión de persoas e entidades das listas de terroristas elaboradas pola Unión Europea e Nacións Unidas.

e) Elaborar informes que permitan á Comisión decidir sobre as solicitudes de verificación de identidade a que se refire o artigo 12.

f) Calquera outra tarefa que lle encomende a Comisión.

#### Artigo 4. *Réxime supletorio.*

En relación co réxime de substitucións e suplencias, convocatoria, e quórum necesario nas reunións, a Comisión suxeitará a súa actividade ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Respecto ao prazo máximo para resolver e notificar aos interesados e para os efectos do silencio administrativo, aplicarase, igualmente, o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### Artigo 5. *Funcións.*

Son funcións da Comisión:

- a) Acordar o bloqueo nos termos do artigo 2 da Lei 12/2003, do 21 de maio.
- b) Recibir os informes de intelixencia financeira que lle sexan remitidos polo Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, no marco das competencias que lle atribúe a Lei 12/2003, do 21 de maio.
- c) Cursar ao ministro do Interior as propostas de resolución, xunto cos expedientes, nos procedementos sancionadores instruídos pola Secretaría da Comisión.
- d) Autorizar a liberación ou posta á disposición de fondos ou recursos económicos bloqueados nos termos establecidos no artigo 13 deste regulamento.
- e) Auxiliar os órganos xurisdicionais penais e o Ministerio Fiscal no exercicio das funcións que lles son propias.

#### Artigo 6. *Deber de confidencialidade.*

1. Todas as persoas que desempeñen unha actividade para a Comisión e teñan coñecemento de actuacións ou de datos de carácter reservado estarán obrigadas a manter o debido segredo. Este deber implicará a prohibición de comunicar, publicar ou difundir datos ou documentos reservados, mesmo despois de ter cesado no servizo, salvo autorización expresa outorgada pola Comisión. O incumprimento deste deber dará lugar ás responsabilidades previstas polas leis.

2. Os datos, documentos e informacións que consten en poder da Comisión teñen carácter reservado e non poderán ser divulgados, salvo nos seguintes supostos, e sempre que non poñan en perigo unha investigación policial, xudicial ou do Ministerio Fiscal, ou a execución dunha medida de bloqueo de fondos e recursos económicos acordados pola Comisión:

- a) A difusión, publicación ou comunicación de datos cando o interesado o consinta expresamente.
- b) A publicación de datos agregados para fins estatísticos, ou as comunicacións en forma sumaria ou agregada, de maneira que as persoas ou suxeitos interesados non poidan ser identificados nin sequera indirectamente.
- c) As comunicacións de información practicadas por requirimento dunha comisión parlamentaria de investigación do Congreso dos Deputados, do Senado ou de ambas as cámaras.
- d) A achega de información por requirimento do Ministerio Fiscal ou dunha autoridade xudicial.
- e) A achega de informacións ou requirimentos de autoridade administrativa ou órgano ou unidade administrativa que, en virtude do establecido en normas con rango de lei, estean facultados para tales efectos. Neste caso, a autoridade requirente invocará expresamente o precepto legal que habilite a petición de información e será responsable da regularidade do requirimento.
- f) A solicitude de informes ou os requirimentos de información practicados pola Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias ou polos seus órganos de apoio.

g) A comunicación á Axencia Estatal de Administración Tributaria, para o cumprimento das funcións que ten legalmente atribuídas, dos acordos adoptados pola Comisión referentes ao bloqueo de saldos, contas e posicións, así como os de cesamento das medidas de bloqueo e as autorizacións de liberación ou posta á disposición de fondos ou recursos económicos bloqueados.

3. As autoridades, persoas ou entidades públicas que reciban información de carácter reservado procedente da Comisión ou de calquera dos seus órganos quedarán, así mesmo, suxeitas ao deber de segredo regulado no presente artigo, e deberán adoptar as medidas pertinentes que garantan a súa reserva. Unicamente poderán utilizala no marco do cumprimento das funcións que teñan atribuídas por razón do seu cargo.

## CAPÍTULO III

### Acordos da Comisión

#### Artigo 7. *Réxime de adopción de acordos.*

1. Os acordos adoptaranse por unanimidade dos membros asistentes no caso das funcións recollidas nas alíneas a) e d) do artigo 5, e por maioría, tamén dos membros asistentes, nos restantes supostos.

2. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os seus membros e sexa declarada a urxencia do asunto por unanimidade.

3. O procedemento de votación permitirá coñecer o sentido do voto ou a abstención dos membros da Comisión, salvo que de maneira motivada solicite o contrario algún deles e esa solicitude sexa aprobada por unanimidade.

#### Artigo 8. *Acta das reunións.*

De cada sesión que celebre a Comisión redactará acta o secretario, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados e, de haber votacións, a súa forma de realización e o seu resultado.

#### Artigo 9. *Notificación dos acordos.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 4, para garantir a efectividade do acordo de bloqueo a Comisión poderá realizar, coa colaboración do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, notificacións da medida acordada aos suxeitos do artigo 2.1 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

#### Artigo 10. *Bloqueo de saldos, contas e posicións.*

1. De conformidade coa Lei 12/2003, do 21 de maio, corresponde á Comisión a facultade de acordar o bloqueo dos saldos, contas e posicións, incluídos os bens depositados en caixas de seguridade, abertas por persoas ou entidades vinculadas a organizacións terroristas en calquera das entidades enumeradas no artigo 2 da Lei 10/2010, do 28 de abril, así como a prohibición da apertura de novas contas nas cales figure como titular, autorizada para operar ou representante, algunha de tales persoas ou entidades.

Igualmente, a Comisión poderá acordar o bloqueo de efectivo, valores e demais instrumentos provenientes de transaccións ou operacións financeiras que o ordenante ou o beneficiario, directamente ou a través de persoa interposta, realizase con motivo ou ocasión da perpetración de actividades terroristas ou para contribuír aos fins ou obxectivos perseguidos polos grupos ou organizacións terroristas.

2. Para a adopción destes acordos a Comisión poderá actuar de oficio ou en virtude de informacións que poidan ser remitidas por outros organismos nacionais, da Unión Europea ou estranxeiros. A Comisión fixará a forma en que as propostas deberán ser presentadas e os criterios que determinarán a súa valoración.

3. En relación coa duración dos efectos dos acordos de bloqueo será de aplicación o disposto no artigo 2 da Lei 12/2003, do 21 de maio. O cesamento do bloqueo será acordado cando non quede acreditada a relación con financiamento de actividades terroristas ou cando desaparezan as causas que o motivaron.

4. Unha vez acordado pola Comisión o cesamento da medida de bloqueo ou cando o órgano xudicial competente resolva a nulidade do acordo ou denegue a súa prórroga, esa circunstancia deberá ser comunicada inmediatamente, coa colaboración do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, aos suxeitos previstos no artigo 2 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

5. Cando a Comisión considere que se cumpren os requisitos previstos na normativa das Nacións Unidas ou da Unión Europea, poderá propor a inclusión da persoa física ou xurídica nas listas de terroristas aprobadas polo Consello de Seguridade de Nacións Unidas ou pola Unión Europea. A proposta da Comisión será remitida ao Ministerio do Interior que, se a considera procedente, a cursará ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

#### Artigo 11. *Execución das medidas de bloqueo.*

1. Os suxeitos obrigados previstos no artigo 2 da Lei 10/2010, do 28 de abril, deberán executar, no marco dos seus respectivos ámbitos de actuación, o acordo de bloqueo dos fondos ou recursos económicos adoptado e notificado pola Comisión e comunicar sen dilación e por escrito a súa execución para o seu traslado á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

2. A execución da medida de bloqueo non impedirá que as entidades financeiras ou de crédito reciban fondos transferidos ás contas bloqueadas e os aboem nelas, sempre e cando toda nova achega resulte igualmente bloqueada. As entidades financeiras ou de crédito informarán sen dilación a Comisión e a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira das ditas operacións.

3. A medida de bloqueo non se aplicará ao aboamento en contas bloqueadas de xuros ou doutros beneficios correspondentes a esas contas, ou de pagamentos debidos en razón de contratos, acordos ou obrigacións, sempre que tales xuros, beneficios e pagamentos sexan, así mesmo, bloqueados de maneira inmediata.

Non obstante, existirá obrigación de reter e ingresar na Administración tributaria correspondente os importes que, de acordo coa normativa fiscal, sexan exhibibles en relación con tales pagamentos.

#### Artigo 12. *Solicitudes de verificación de identidade.*

1. As persoas físicas ou xurídicas que executen a medida de bloqueo de fondos ou recursos económicos acordada pola Comisión poderán solicitar a esta a realización das xestións necesarias a fin de verificar se a identidade da persoa sobre a que se executou a medida de bloqueo se corresponde coa da persoa a que se refire o acordo, sen prexuízo da execución da medida ata que se produza a verificación.

2. Para estes efectos, o secretario da Comisión solicitará cantos datos e informes sexan necesarios para verificar a identidade dos suxeitos e elevará informe á Comisión que, en vista do seu contido, decidirá sobre a procedencia ou non do mantemento da medida de bloqueo.

*Artigo 13. Autorizacións de liberación ou posta á disposición de fondos ou recursos económicos bloqueados.*

1. Non obstante o disposto no artigo 10, a Comisión poderá acordar a liberación ou posta á disposición de fondos ou recursos económicos que fosen sometidos a bloqueo, por acordo da propia Comisión, nos casos sinalados neste artigo.

2. Poderase acordar a liberación ou posta á disposición de fondos ou recursos económicos que fosen obxecto de embargo xudicial ou administrativo establecido antes da data en que a persoa, entidade ou grupo fose obxecto de calquera tipo de medida por parte da Comisión, e sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) Cando os fondos ou recursos económicos vaian ser empregados exclusivamente para satisfacer as cantidades garantidas por tales embargos.

b) Cando o embargo non beneficie a persoa, entidade ou organismo que fose sometido á medida de bloqueo de fondos ou recursos económicos por acordo da Comisión, por resolución do Consello de Seguridade de Nacións Unidas ou por un regulamento da Unión Europea;

3. A Comisión poderá autorizar, igualmente, a liberación ou posta á disposición de determinados fondos ou recursos económicos bloqueados para o pagamento derivado dun contrato celebrado pola persoa, entidade ou organismo que fose sometido á medida de bloqueo de fondos ou recursos económicos, ou dunha obrigaición que corresponda a unha persoa, entidade ou organismo que fose obxecto de calquera tipo de medida por parte da Comisión, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) Cando a data do contrato ou de nacemento da obrigaición de que se trate sexa anterior a aquela en que tal persoa, entidade ou organismo fose obxecto dalgunha das citadas medidas.

b) Cando os fondos ou os recursos económicos sexan utilizados para efectuar un pagamento por unha persoa, entidade ou organismo obxecto das mencionadas medidas a un terceiro de boa fe.

c) Cando o pagamento non contribúa a unha actividade prohibida e, en particular, cando non coadxuve ao desenvolvemento de actividades ou grupos terroristas.

4. A Comisión poderá autorizar a liberación ou posta á disposición de determinados fondos ou recursos económicos bloqueados, no caso de que se determine, mediante acordo adoptado para o efecto sobre os ditos fondos ou recursos económicos, calquera das seguintes circunstancias:

a) Que sexan necesarios para sufragar necesidades básicas da persoa e dos familiares ao seu cargo, tales como o pagamento de alimentos, alugueiros ou hipotecas, medicamentos e tratamentos médicos, débedas e sancións tributarias e primas de seguros.

b) Que sexan destinados exclusivamente ao pagamento de honorarios profesionais razoables ou ao reembolso de gastos relacionados con asistencia letrada.

c) Que sexan destinados exclusivamente ao pagamento de taxas ou gastos ocasionados por servizos ordinarios de custodia ou mantemento de fondos ou recursos económicos inmovilizados.

d) Que teñan por finalidade a satisfacción das débedas de carácter salarial, tributarias, de seguridade social ou calquera doutra natureza con que se evite o prexuízo a terceiros de boa fe.

e) Que teña a condición de inembargables de conformidade coa lexislación vixente.

5. Non obstante, respecto ao disposto nos números 2, 3 e 4 deste artigo, se a obrigaición para cuxo pagamento se van liberar fondos non está recollida no artigo 5 do Regulamento CE 2580/2001 do Consello, do 27 de decembro de 2001, sobre medidas restritivas específicas dirixidas a determinadas persoas e entidades co fin de loitar contra

o terrorismo, será necesaria a consulta previa cos Estados membros da Unión Europea en cuxo territorio fosen conxelados os fondos ou recursos económicos.

6. A competencia para resolver sobre as peticións de autorización de liberación ou posta á disposición de fondos ou recursos económicos bloqueados corresponderá á Comisión. As súas resolucións esgotarán a vía administrativa, sen prexuízo de que se poida interpor o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

*Artigo 14. Peticións de supresión dun nome das listas de terroristas elaboradas pola Unión Europea ou polas Nacións Unidas.*

Toda persoa física ou xurídica de nacionalidade española ou residente en España incluída nunha lista de persoas vinculadas co financiamento do terrorismo aprobada polo Consello de Seguridade das Nacións Unidas ou polo Consello da Unión Europea, e que considere que, ou ben non existe fundamento xurídico para a adopción de tal decisión ou ben as circunstancias que motivaron a adopción cesaron, poderá dirixirse á Comisión, a cal valorará se a petición está xustificada. En caso afirmativo ou de carencia de datos para pronunciarse, remitiraa ao órgano competente. En caso negativo, a Comisión deberá contestar motivadamente ao interesado, quen poderá interpor o correspondente recurso contra esa decisión.